

FUNDACIÓN PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA: PROGRAMA DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL PARA FAMILIAS.

A **Fundación Pedro Barrié de la Maza** en colaboración coas cinco Cáritas Diocesanas de Galicia, pon en marcha no ano 2009 o seu Programa de Axudas de Emerxencia Social.

En virtude do convenio de colaboración asinado entre a **Fundación Pedro Barrié de la Maza** e cada unha das cinco **Cáritas Diocesanas de Galicia**, a Fundación márcase o obxectivo de axudar ás familias afectadas pola crise económica que estamos vivindo achegando un total de 300.000 € dos cales Cáritas Diocesana de Tui-Vigo beneficiarase de 60.000 €. Pola súa banda cada unha das Cáritas Diocesanas achega os seus recursos humanos e infraestruturas nas Diocese para a xestión e concesión do programa, seguindo sempre os principios básicos que guían a acción de Cáritas: a atención integral da persoa dende unha perspectiva promocional.

As persoas beneficiarias destas axudas, serán familias residentes en Galicia para as que a súa situación se vexa afectada de forma significativa debido a perda de traballo dun ou máis membros da mesma, cumprindo ademais os seguintes requisitos e achegando a seguinte documentación:



1. Perda de traballo dalgún membro da unidade familiar sobrevido a partir de xaneiro do 2008, que deberá acreditarse coa correspondente tarxeta de emprego e vida laboral.
2. Xustificar nivel de ingresos por medio da fotocopia das contas bancarias.
3. Libro de familia.
4. Dende Cáritas Diocesana de Tui-Vigo e a través das nosas traballadoras sociais poderase requirir outra documentación complementaria se fose necesario.

En calquera caso e ademais de presentar toda esta documentación as nosas traballadoras sociais teñen a responsabilidade de determinar se a situación económica e social da familia failles beneficiarios destas axudas económicas puntuais e directas para afrontar gastos fixos mensuais: alimentación, vivenda (alugueiros e desahucios, recibos de auga e luz), educativos, médicos etc...

As Cáritas Parroquiais figuran pola súa banda como organismos canalizadores de posibles persoas beneficiarias destas axudas, se ben a decisión e responsabilidade final será da Cáritas Diocesana, onde deberán dirixirse os/as posibles beneficiarios/as sempre solicitando cita previa.

